

## AS COLONIAS INFANTIS DE VERAN

**A**s colonias de verán xurdiron xa fai moito tempo, hai datos que demostran que a primeira colonia Santiaguesa foi a finais do século pasado con fins “caritativos e sanitarios”, e de achegar a aqueles nenos que pertencen a familias pobres ao mar; moitas veces tiñan que cubrir todas as necesidades do neno como vestimenta, comida, productos de limpeza . . .

O paso do tempo fixo que as colonias de verán cambearan de rumbo, aínda que hai quen continua tendo uns obxetivos similares aos anteriores; este cambio ten lugar principalmente en Cataluña e consiste nunha modificación dos fins e obxetivos da colonia, . . . pero antes de meternos de cheo nestes aspectos, miremos un pouco a realidade, analizándoa, como fixemos os distintos equipos de monitores do tempo libre, para chegar aos obxetivos que hoxe nos formulamos.

### – *Situación dos nenos na Sociedade.*

Podemos considerar aos nenos como seres marxinados na nosa Sociedade urbán, e decimos isto referíndonos á súa *situación familiar* onde en xeral non poden levar adiante o seu desenrolo debido en moitos casos a un excesivo paternalismo e en outros a unha falla de cariño; a familia é en moitos casos unha fonte de frustracións para o neno que non pode satisfacer as súas necesidades.

– *A escola*, baseada na memorística, a competitividade e unha disciplina imposta e non dialogante, allea totalmente aos intereses do neno no aspecto dos contidos, o que, polo tanto, tampouco cubre as súas necesidades.

– *A relación cos outros membros da sociedade*; que nunca é mediante intercambios de igual a igual, e polo tanto non permite que adquira a súa autonomía, que é a base fundamental do seu desenrolo.

A relación entre nenos é restrinxida xa que non existen para eles lugares de reunión e xogo e ninguén ten ganas de “aturar na casa de un aos fillos dos veciños”.

– *O Tempo Libre do neno* . . . Os nenos apenas teñen tempo “LIBRE”, tempo non suxeto a obrigas (clase, deberes, pasantías, etc) e o que lle queda, debido tamén a falla de espazos de recreo, a causa das vivendas excesivamente pequenas . . . , encamiñan ao neno cara a unha diversión individualista, baseada nun 80% na televisión e en xogos solitarios (como os xogos electrónicos) e no mellor dos casos na compañía dos seus irmáns.

### – *Situación dos nenos no verán*

Rematado o curso, o neno atópase de repente con tres meses de vacacións por diante, pero coas mesmas perspectivas que durante o curso, máis tempo diante da televisión, e soio se os pais poden acceder a pasar uns días fora da casa o neno poderá disfrutar de tal situación, aínda que manténdose no marco familiar, o que as veces impídelle ao neno ter contactos cos seus amigos ou con

outros nenos durante esa temporada (hai que ter en conta que son unha minoría os nenos que poden participar dunhas vacacións fora da casa coa familia).

– *Necesidades do neno*

Non é momento nen lugar para facer un debate sobre este punto, o cal por outra banda, soio aclararía a existencia de distintas ideoloxías e filosofías educativas, cousa que xa é un punto claro para calqueira mente aberta á realidade.

Sinalaremos a existencia de varias necesidades “básicas” do neno:

– Relacionarse con outros nenos nun marco de liberdade (esta é a base da súa sociabilización).

– Adquirir a autonomía, que soio se acada en base á responsabilización progresiva (esta é a base para chegar a unha sociedade de homes libres ).

– Relacionarse co entorno natural.

– *Solucións: (?)*

A solución a todo o dito non pode ser parcial senon global, xa que este é un problema que afecta a toda a sociedade no seu conxunto e esixe moitas transformacións, tanto na relación familiar, como na relación educativa, como nos contidos e metodoloxías da escola, na existencia de lugares de recreo e relación para os nenos (parques, clubs infantís, bibliotecas populares . . . ), etc.

Pero esto non vai chegar da noite para a mañán. Na espera destas solucións compre ir traballando por medio de respostas concretas a todos os problemas e necesidades que ten o neno. E neste marco teórico donde se sitúa a nosa idea dunha “Colonia infantil de Verán”.

– *OBXETIVOS:*

O equipo de monitores ao que nós pertencemos non cree, como quedou claro nos párrafos anteriores, na existencia dunha educación natural que non persiga ningún fin distinto do das leises naturais, por elo é bon formular uns obxetivos e proclamalos ben forte, pois non queremos que se nos acuse de ocultar os nosos fins.

Podemos sintetizar os nosos obxetivos nos seguintes:

– DESCANSAR

– DIVERTIRSE

– DESENROLARSE

DESCANSAR da rutina e das tarefas do curso, cousa que non significa “non facer nada” senon que fundamentalmente é cambiar de actividade, pasar das actividades rutinarias a outras novas e creativas, escollidas polo propio neno de todo o abanico de posibilidades que lle ofrece a colonia. Descansar tamén en contacto coa natureza, entrando en contacto con ela, descubrindo a necesidade de respetala. E descansar na compañía doutros iguais entre os que se poden intercambiar puntos de vista para medrar na súa liberdade, tendo en conta que di-

to intercambio ha de ser natural e polo tanto non forzado por ninguén nendende un ambiente “sintético” ou artificial; con elo chegamos á necesidade de que este intercambio se faga nun marco “coeducativo” que consiste en moito máis que a simple mixtura dos nenos e nenas, pois trátase de ir superando as discriminacións e distancias entre eles.

Establecemos así un descanso activo, naturalista e igualitario respecto aos que conviven con nos.

DIVERTIRSE dentro dun clima festivo, alegre, e sobre todo compartindo todo, sen competitividade, sen abasallar a ninguén, respetando as apetencias e intereses dos demais nenos . . .

DESEÑOLARSE como persoas libres e solidarias, sen tentar impoñer esquemas ou teorías, senon favorecendo o desenrolo autónomo do neno, fora da sobreprotección da familia (no sentido de que ésta moitas veces perxudica a autonomía do neno cando se lle da todo feito, cando non se lle deixa atender aqueles aspectos da súa vida que máis lle afectan directamente, como a súa roupa, a organización dos seus materiais . . . )

E bo que o neno descubra o valor de facer as cousas por él mesmo, de compartir ansiedades e recursos cos seus iguais para construír xuntos.

En conxunto o neno debe vivir nun ambiente democrático, non acrático, onde o adulto dirixe a súa educación cara á consecución duns obxetivos determinados, pero fundándose no dereito dos nenos ao seu diálogo entre iguais, sen empoñer nada (nen o neno nen o adulto) senón chegando a acordos a traveso do intercambio de pareceres, en suma “decidindo entre todos”.

Cando decimos “non acrático”, queremos dicir que o neno necesita un apoio que o adulto debe darlle, unhas carencias que debemos cubrir, pero tendo en conta que tamén é preciso que alcance unha autonomía, unha independencia, non soio física, senón tamén de pensamento, sentimento, e a liberdade e responsabilidade dos seus actos.

Temos hasta eiquí exposto (de xeito resumido) os novos obxetivos xerais, os que se identifican cun modelo de sociedade e por conseguinte cun modelo de home particular.

Tendo en conta que o contacto cos nenos é soio de quince días ao ano, cada curso plantexamos unha serie de obxetivos máis concretos ou “específicos” para os turnos dependendo, entre outras cousas das idades dos nenos.

### *O EQUIPO DE MONITORES:*

Hoxe en día, as Colonias de verán están reclamando a importancia e o papel que lle corresponden dentro do mundo da educación. Así en Galicia son varios os equipos de monitores que traballan agora mesmo en distintas colonias; en outros lugares, como Cataluña, xa teñen unha experiencia de moitos anos, levando a cabo colonias incluso traballando en animación de tempo libre infantil ao longo do curso.

Pero voume referir únicamente ao meu equipo, por ser o que mellor co-

nozco, deixando antes constancia do dato de que deben existir un total de catro ou cinco equipos que traballen na mesma liña.

O noso equipo ten unha historia moi longa na que non imos entrar; actualmente adicámonos a organizar as colonias do Axuntamento de Santiago (o presente curso é o terceiro co Concello compostelán) o que si nos gustaría resaltar é que algúns dos membros do noso equipo levan xa mais de vinte anos de experiencia; a media de idade dos monitores é aproximadamente de 20-25 anos. No presente curso compoñemos o equipo un número de 75 monitores, moitos dos cales (uns 20) incorporáronse recentemente mentras que o resto vimos traballando desde hai anos (uns máis outros menos).

No curso pasado constituímonos como asociación xuvenil co nome de "Eira Nova", xa que como equipo somos independentes de calqueira institución, a pesar de que traballemos nun momento determinado con algunha como agora co Axuntamento de Santiago.

A maioría dos compoñentes de "Eira Nova" somos xente relacionada directamente co mundo da educación: profesionais e estudantes de pedagogía, Maxisterio, psicoloxía . . . E tamén profesionais de distintos tipos, todos eles interesados tamén polo mundo do neno e preocupados polas posibilidades de utilización do "Tempo Libre" para facelo máis "libre", creativo, comunitario e divertido.

#### *COMO NOS ORGANIZAMOS:*

O principio do traballo de cada curso comenza co final do curso anterior. Unha vez feitas as revisións de cada turno no mes de Setembro, xuntámonos todo o equipo por primeira vez despois do verán, para poñer en común ditas revisións e comenar a planificación do traballo hasta o verán próximo.

Foron moitos os xeitos de organización ao longo dos anos dependendo das necesidades de cada momento, polo que vou referirme únicamente ao tipo de organización actual:

O primeiro trimestre, adícase á formación principalmente teórica, que intenta cubrir e apoiar aquelas lagoas e cuestións que fomos atopando na revisión do curso anterior e na experiencia concreta do verán, cos nenos. A dinámica desta formación teórica é normalmente a de reflexionar primeiro, por grupos pequenos sobre o tema, coa axuda de material que prepara unha comisión de xente do equipo, ou ben algunha persoa allea ao mesmo pero relacionada co tema en cuestión. Logo fanse postas en común das reflexións, seguidas de debates e elaboración das conclusións ás que cheguemos. E tamén no primeiro trimestre cando a escola de monitores do tempo libre "Alento" organiza cursiños, tanto para a iniciación como de perfeccionamento (esta é a única escola en Galicia de este tipo), polo que o noso equipo apoia aós membros que queiran participar nos mesmos.

A segunda fase de traballo é moito máis práctica. Esta etapa coincide co segundo trimestre, e consiste na formación técnica para o traballo en talleres

prácticos ou “obradoiros” cos nenos. Os que funcionan en cada turno son os seguintes:

Modelado, pintura, prensa, audiovisuais, descubertas da Naturaleza, expresión corporal e dramatización, monicreques (guiñol). Ademais estamos preparándonos para introducir novos obradoiros como o de cestería. (Logo falaremos de cada un deles).

Para este traballo de preparación dos monitores nas técnicas organizamos sesións prácticas de traballo coas mesmas, guiados por especialistas en cada materia. Cada monitor pode escoller aquelas sesións de taller que mais lle gusten. Con todo isto non tratamos de facer “especialistas”, eso non é o importante, senón que o monitor poda conocer qué materiais son os adecuados para cada actividade, e que poda así ofrecerlle ao neno distintas posibilidades de utilizalo, pero para que sexa o neno quen o utilice, e como él queira; non queremos caer no pecado do adulto de decirlle ao neno o qué ten que facer e cómo. Pero eso tampouco quer dicir que o monitor non teña que coñecer os materiais e as técnicas mínimas de utilización do mesmo, pois o máis posible é que o neno caería na utilización “encorsetada” dos mesmos. Podese dicir que o obxectivo da nosa preparación é “poder dotar ao neno dos medios para que él mesmo desenvolva a súa creatividade e as súas capacidades, para que sexa él o que decida como, para qué, e cando”.

E por fin, o último trimestre. Nel dividímonos xa por turnos, cada monitor elixe unha das datas nas que se van desenrolar os mesmos e así constitúense os equipos que se van encargar de cada un. A esta fase chamámoslle “pre-colonia” pois é a fase de planificación concreta do que vai ser a colonia. Este traballo consiste en facer unha programación de todas as actividades que se van levar a cabo nos quince días; esta programación vaise detallando nun “planing”, no que se contemplan apartados por día, nos que se sitúan o “Centro de Interés” de cada xornada, as actividades e as observacións a ter en conta. Con este “planing” feito, cada monitor (ou cada dous) encárgase de facer a planificación do obradoiro do que se vai encargar na colonia.

Este traballo é fundamental, imprescindible para que unha colonia funcione ben. Pode en principio parecer que todo o que se vai facer vai demasiado programado, podendolle quitar iniciativas aos nenos, pero non é así; a programación é soio unha base, unha referencia totalmetne flexible, modificable. De feito todas as programacións van se cambéando sobre a marcha, e no mesmo turno vai se cubrindo o que chamamos “planing real”, é dicir o que en realidade se leva a cabo e que lóxicamente varía con respecto ao inicial. Pero se non hai unha programación feita e asumida por todo o equipo que a vai levar a cabo, as actividades serán deslabazadas, non existiría relación entre unhas e outras, será un facer por facer.

#### *A COLONIA:*

E, por fin, o momento da verdade, no que nos atopamos cos nenos para,

xuntos, pasar quince días distintos, divertidos, importantes.

Podemos falar agora pois dos nenos que participan na colonia. Cada turno componse duns setenta nenos e nenas, de edades similares e procedentes de calqueira dos lugares que compoñen o concello de Santiago. Normalmente a convocatoria é para nenos dende 7-8 anos hasta os 13-14, dependendo do número de turnos posibles para cada curso.

Pois ben, tendo en conta que os nenos pertencen a “terra adentro”, sempre facemos a colonia en lugares costeiros, preferentemente nas rías baixas. Os locais que utilizamos son escolas, que elegimos seguindo uns criterios básicos como que estén perto da praia, que teñan comedor . . . ; estas escolas convirtense ou convertimos en albergues de verán co simple cambio do mobiliario escolar das aulas polas camas (liteiras), e convertindo outras en talleres de pintura ou modelado . . .

O número dos monitores por turno é dun por cada dez nenos, máis dous monitores (un dos cales desempeña a intendencia, polo que está menos tempo en contacto cos nenos, e non participa normalmente en ningún dos obradoiros, aínda que sí nas outras actividades. E dicir, nun turno de 70 nenos o mínimo de monitores é de nove, e o máximo doce; o sentido de poñer un tope máximo obedece a que o equipo ten que estar ben coordinado, polo que a abundancia de monitores pode dificultar a labor.

Os dous ou tres primeiros días son de adaptación; o neno sofre un cambio no seu ritmo de vida e nas circunstancias de convivencia. Ademais ten que atender aspectos persoais que na casa case nengún ten oportunidade de facer, como é a limpeza da habitación, dos talleres que utiliza, o aseo persoal, o coidado da propia roupa, ou facerse a súa cama . . . Claro está que ten que haber unha axuda, ou mais ben “un estar pendiente” por parte do monitor pero non para facerlle as cousas. O monitor tamén ten as súas obrigacións; todos os días hai monitores limpando cos nenos e normalmente ocúpense dos aspectos máis difíciles e que necesitan maior atención como a limpeza dos servicios, lavabos, etc.

Ademais, a maioría das actividades son novas para o neno, ou ao menos é nova a dinámica e o xeito de facelas. Elo leva consigo un estado de nervios alterado, que pode tardar en normalizarse un par de días. Para compensar este estado, na programación contemplase tamén o que chamamos a “curva de intensidade”, que se refire ao nivel de esixencia das actividades en canto que supoñan unha excitación determinada por parte do neno. Por elo os primeiros días a curva é máis baixa, ao igual que os últimos nos que se procura unha volta ao ritmo normal cara a nova adaptación que supón o regreso á casa. Entre o terceiro e o cuarto día a curva vaise elevando, o que significa que o ritmo da colonia vai sendo máis forte, chegando ao seu cume mais alto no sétimo-octavo día para descender paulatinamente até a última xornada.

En canto aos obradoiros, trataremos de expoñer brevemente en que consisten:

**PRENSA.**— As actividades dentro de este obradoiro son varias, dende a elaboración dun periódico coas noticias que os nenos fan sobre o que lle interesa (novas sobre a colonia, entrevistas . . .).

Entre as técnicas de impresión máis prácticas que utilizamos con nenos está a imprenta de “gelatina”, que permite un total manexo por parte do neno en todo o proceso.

Tamén se fan murais, carteis anunciadores de actividades . . .

**AUDIOVISUAIS.**— Este é un dos obradoiros que precisan dun material técnico que posiblemente sexa dos máis caros, pero con unhas posibilidades increíbles e con unhas cualidades de motivación e atractivo que entusiasma a moitos nenos, tanto dos que participan no obradoiro como dos que no seu momento son espectadores dos traballos elaborados.

As actividades máis frecuentes son: montaxes audiovisuais (diapositivas acompañadas xeralmente de gravacións) con infinidade de contidos, dende contos, noticias, secuencias de cores para apoiar a unha música determinada . . .

Entre as expectativas máis atractivas e importantes dentro de este tipo de talleres, que ademais ten aplicacións para todos os demais e incluso para todos os momentos da colonia, está a incorporación do vídeo.

**EXPRESION CORPORAL E DRAMATIZACION:** Hai tantas posibilidades neste campo, que é difícil dicir que se fai nunha colonia dentro do taller, sendo ademais un tipo de actividades que predominan en cada momento durante os quince días e en calquer momento. De todos xeitos, no obradoiro tratase de desinhibir todo o posible ao neno na súa expresividade sobre todo na referente a corporal. Para elo utilízanse distintas actividades como bailes (danzas sinxelas e divertidas), pequenas dramatizacións, xogos . . . , tendo sobre todo en conta as preferencias dos nenos.

**MONICREQUES:** (guiñol). Este obradoiro en moitas ocasións está incorporado ao anterior, dependendo da dispoñibilidade dos monitores ou da aceptación dos nenos. Nel traballase na fabricación de monecos, dun xeito totalmente creativo, pois tratase de utilizar todo tipo de material (incluído o que non vale para nada) inventando personaxes aos que logo lle poden ocorrer aventuras e situacións imprevisibles, todas as que ao neno se lle ocorran.

**MODELADO.**— Esta actividade pode ser independente de calqueira outro taller ou ir alternándose coa pintura nun mesmo obradoiro. O material que máis se traballa é o barro. O atractivo do mesmo é tal que normalmente hai días en que se fai soio este obradoiro con todos os nenos da colonia.

**PINTURA.**— Un dos obradoiros máis concurrido. Nel aprendense técnicas de utilización dos materiais (cera, acrílico, tempera . . . ), e ao mesmo tempo inténtase combinar con novas posibilidades de utilización dos mesmos, saíndose do tradicional uso exclusivo do papel como base do traballo. É importante ademais que o neno entre en contacto con elementos que na vida cotidiana (e sobre todo na urbana) non ten posibilidade de traballar en directo, como é pintar na praia, no porto, no monte . . .

*DESCUBERTAS DA NATUREZA*. Este obradoiro é dos que máis se traballan con todos os nenos, aínda que existe o grupo máis reducido e concreto que se dedica practicamente todos os días a saír en busca do contacto directo coa Natureza, sexa no campo, na praia . . . Trátase de observar, descubrir cousas novas, e aprender a coidar e mimar a todos os seres vivos, do xeito máis lúdico posible.

Aparte de todos estes obradoiros, hai outras actividades extraordinarias que normalmente ocupan días enteiros, como festas, excursións etc, nas que predomina a convivencia entre todos e en relación co medio natural no que estamos.

En fin, poderíanse contar moitas cousas mais pero faríase interminable. Polo de pronto sabede que estamos ahí, e que todo aquel que pense que se pode traballar por conseguir unha sociedade máis humana, na que predomine o respecto ao Home e a Natureza, e que crea no neno, non como adulto en potencia, senon como un ser con necesidades e problemas tan importantes como os do adulto, que ten unha realidade propia, pode neste tipo de traballo ir facendo camiño.

O noso equipo está aberto a toda a xente que lle interese; para elo, no mes de Setembro abrese un prazo para integrarse. Nesta escola hai xente a quen vos podedes dirixir.

*RICARDO VENTOSA SIXTO*

*BENJAMIN SALGADO GOMEZ*



